

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA Á SUSTITUCIÓN DUNHA TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL DA EIM SERRA DE OUTES DURANTE O SEU PERMISO DE LACTANCIA E MATERNIDADE.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 21-2025, por un importe total de 4.108,00 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2025, para dar cobertura á sustitución dunha técnica de educación infantil durante o permiso de maternidade e lactancia, según pon de manifesto na súa solicitude a xefa de servizo de Educación, Beatriz Pérez Traseira o 21.07.2025 coa conformidade do responsable da área xestora e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte desta, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito:.

"...Visto o informe do Servizo de Persoal do 21 de xullo de 2025 no que se comunica a insuficiencia de crédito orzamentario para a cobertura do permiso de maternidade e lactancia de dona María Nerea Iglesias Arias, técnico de educación infantil da EIM Serra de Outes e habendo crédito suficiente correspondente aos custos salariais das prazas vacantes de monitor e encargado do Parque Infantil de Tráfico..."

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/1189, do 24.07.2025, así como os Mandamentos contables RCMOD Ref.: 48582/2025, por importe de 1.559,66 €, Ref.: 48583/2025 por importe de 641,87 €, Ref.: 48584/2025 por importe de 913,66 € e 48585/2025 por importe de 992,81 € do 23.07.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 4.108,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac3305273735898215910.doc

Asunto:

32605.12003	1.559,66 €	32381.12002	1.559,66 €
32605.12100	641,87 €	32381.12100	641,78€
32605.12101	913,66 €	32381.12101	913,66 €
32605.16000	992,81 €	32381.16000	992.81 €
		(COD PROXECTO 253238101)	
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	4.108,00€	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	4.108,00€

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.